

BASES DO SORTEO DOS PREMIOS DA **I RUTA DO PINCHO DE INVERNO**

O Concello de Carballo, a través da Concellería de Promoción Económica, establece o sistema de sorteo dos premios da I Ruta do Pincho de Inverno.

1º. PREMIOS

Unha cea para dúas persoas por valor de 100 € en Restaurante Rincón de Elías, sorteado entre todos os boletos introducidos nas urnas de cada local polos clientes. Entregarase un boleto de participación con cada consumición dentro do horario da ruta. Este premio está patrocinado polos locais participantes.

Un fin de semana para dúas persoas no Balneario de Carballo en media pensión con tratamento termal incluído. Sortearase entre todas as tarxetas introducidas polos clientes nas urnas de cada local. As tarxetas terán que conter os cuños ou sinaturas dos establecementos participantes. Este premio está patrocinado por Balneario de Carballo.

2º SORTEO PÚBLICO

O sorteo dos premios farase de forma pública no Museo de Bergantiños o día 02 de marzo ás 18.00 h..

Aos agraciados en calquera dos dous premios chamaráselles ata tres veces en intervalos de dous minutos. No caso de non responder procederase a un novo sorteo ata conseguir outorgar ambos premios.

3º DISFRUTE DOS PREMIOS

O Concello de Carballo poñerá en contacto aos premiados coas empresas encargadas de facer efectivos os premios, para que acorden datas e horarios, sempre tendo en conta a dispoñibilidade das propias empresas.